



# CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN, REALIZADA O 30 DE DECEMBRO DO 2020

### **Alcalde-Presidente:**

Carlos Ladra Brage

### **ASISTENTES**

#### **Concelleiros/as;**

#### **Grupo político municipal PSdG-PSOE**

Concepción Rodríguez Ferreiro

Diana M<sup>a</sup>. Rodríguez Fernández

#### **Grupo político municipal BNG:**

Iago Varela Martínez

Paula González Grueiro

#### **Grupo político municipal PP:**

Manuel González López

Javier Fernández Brage

María José Bouza Varela

#### **Grupo Mixto:**

María Eva García Amor

Xosé Manuel Pérez Sardiña

#### **AUSENCIAS XUSTIFICADAS:**

Elena María Arias Martínez

#### **Secretaría-Interventora:**

Irene Suárez López

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as trece horas e trinta minutos, do 30 de decembro de dous mil vinte, reúnen en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde, Carlos Ladra Brage, os señores/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, coa asistencia da Secretaría-Interventora Irene Suárez López, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Presidente declara aberta e pública a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

## ORDE DO DÍA

### 1.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2019

Obra no expediente o ditame que se transcribe literalmente:

*Expediente núm. 1247/2020*

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2019**

*Visto a Conta Xeral do exercicio 2019, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.*



Visto que formada e informada dita Conta Xeral, pola Intervención Municipal, foron comprobados os libros, documentos e xustificantes oportunos, así como toda a documentación anexa á mesma e existida pola vixente lexislación, sendo sometida a Ditame da Comisión Especial de Contas.

Visto que a Comisión Especial de Contas, celebrada en data 22 de novembro de 2020, ditaminou:

**“PRIMEIRO.** Informar favorablemente a Conta Xeral do Municipio do exercicio 2019, que quedou cumpridamente xustificada, e que está integrada polos seguintes documentos:

- a) O Balance.
- b) A Conta do resultado económico-patrimonial.
- c) O estado de Liquidación do Orzamento.
- d) A Memoria.
- e) Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.
- f) Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local, referidos a fin de exercicio.

**SEGUNDO.** Ordenar que a referida Conta, así como o propio informe emitido por esta Comisión, sexan expostos ao público, por prazo de quince días, a fin de que durante dito prazo e oito máis, quen se estimen interesados poidan presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións, teñan por convenientes, os cales, caso de presentarse, haberán de ser examinados por esta Comisión, previa práctica de cantas comprobacións estímense como necesarias, para a emisión de novo informe, que será elevado, xunto cos reparos, reclamacións ou observacións formulados, a consideración plenaria definitiva”.

Visto o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 182, de data 29 de outubro de 2020, de exposición pública da Conta Xeral do Concello de Cabanas correspondente á anualidade 2019, polo prazo de quince días mais oito días hábiles, para a presentación de reclamacións, reparos ou observacións.

Visto o certificado de Secretaría-Intervención no que se subscribe que durante o prazo de exposición pública non tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Cabanas reclamación, reparo ou observación algunha á Conta Xeral do exercicio 2019.

Considerando o anteriormente exposto, esta Presidencia propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2019 do Concello de Cabanas.

**SEGUNDO.-** Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Función Pública.

**Quenda de intervencións ( remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)**

**Sometido o asunto a votación e por seis ( 6 ) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto, un ( 1 ) voto en contra do concelleiro do Grupo Mixto e tres ( 3 ) abstencións dos concelleiros do PP adoptouse o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2019 do Concello de Cabanas.

**SEGUNDO.-** Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Función Pública.

**2.- ORZAMENTO 2021**





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Obra no expediente o ditame que se transcribe literalmente:

### **PROPOSTA DA ALCALDIA.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2021**

Confeccionado o orzamento xeral para o exercicio 2021, con todos os documentos e emitido o informe da intervención, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno da Corporación, órgano competente, de conformidade co artigo 22.2 e) da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local e o artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004:

**PRIMEIRO.-** *Aprobar inicialmente o orzamento desta Entidade para o ano 2021 que ascende á contía de 3.055.016,33 € en ingresos, e á contía de 3.055.016,33 € en gastos correspondendo a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:*

Capítulo	Denominación	Anualidade 2021
I	Impostos directos	1.025.156,00 €
II	Impostos indirectos	50.000,00 €
III	Taxas e outros ingresos	528.700,00 €
IV	Transferencias correntes	1.326.359,64 €
V	Ingresos patrimoniais	2.000,00 €
VI	Alleamento investimentos reais	-
VII	Transferencias capital	122.800,69 €
VIII	Activos financeiros	-
IX	Pasivos financeiros	0,00 €
<b>Total orzamento ingresos</b>		<b>3.055.016,33 €</b>

Capítulo	Denominación	Anualidade 2021
I	Gastos de persoal	1.084.756,00 €
II	Gastos correntes en bens e servizos	1.729.254,64 €
III	Gastos financeiros	500,00 €
IV	Transferencias correntes	117.705,00€
V	Fondo de continxencia e outros imprevistos	-
VI	Investimentos reais	122.800,69 €
VII	Transferencia de capital	-
VIII	Activos financeiros	-
IX	Pasivos financeiros	-
<b>Total orzamento gastos</b>		<b>3.055,016,33 €</b>



**SEGUNDO.-** *Aprobación das Bases de execución do orzamento nos termos en que se redactaron.*

**TERCEIRO.-** *Aprobación do cadro de persoal dos postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.*

**CUARTO.-** *Que se expoña ao público por prazo de 15 días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais ( R.D. Lex 2/2004 de 5 de marzo)*

**QUINTO.-** *Que, no suposto de non presentarse reclamacións, se considerará definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación , resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de edictos deste Concello, xuntamente co cadro de persoal, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/86 e 169.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e noutro caso procederase de acordo co previsto no 169.1 do mesmo.*

**SEXTO.-** *Que, de acordo co artigo 169.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais se remita copia do orzamento definitivamente aprobado a Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.*

Por parte do concelleiro do Grupo Mixto téñense presentado as seguinte emendas:

### **EMENDA PARCIAL NÚM. 1 AO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E CONTAS SOBRE O PROXECTO DE ORZAMENTO DO CONCELLO DE CABANAS PARA O EXERCICIO DE 2021**

*Xosé Manuel Pérez Sardiña como portavoz municipal da Marea de Cabanas, mediante o presente escrito, e ao abeiro dos dereitos que lle outorga o ROF, eleva ao Pleno da Corporación emenda número 1 ao ditame da Comisión de Facenda e Contas de 23 de decembro sobre o proxecto de Orzamento do Concello de Cabanas para o exercicio 2021:*

#### **Redución asesorías**

##### **Motivación**

*En orzamentos anteriores o Partido Popular e o tripartito contrataron asesorías mediante empresas ou profesionais externos á Corporación, mediante procedementos negociados sen publicidade, algunhas delas mantivéronas sen interrupción contra criterios legais básicos tal e como se manifestou nun reparo de intervención ao pagamento de facturas da asesoría xurídica. O goberno tripartito sumou no pasado exercicio recursos económicos a asesorías externas que sumaron en 13 anos máis de medio millón de euros. Consecuentemente, o esforzo dos veciños e veciñas en impostos desviouse para gastos innecesarios e non obrigatorios.*

*Así mesmo, tal e como xa emendamos para o orzamento de 2020 os servizos técnicos municipais deberían desempeñar as funcións de asesoría xurídica e as direccións de obra, xa que as externalizadas arrastran graves problemas denunciados por veciñas en canto á execución de obras tanto no Penso, onde o pagamento do ano 2018 tivo reparo de intervención, coma noutras obras municipais onde mesmo a asistencia externa chegou a certificar unha obra sen rematar en Fontao sen que a Corporación tomase cartas no asunto.*

*O cambio que demanda a cidadanía coloca a nosa posición política na redución destas asesorías externas á Corporación que xeran deficiencias na xestión municipal en asuntos de competencia directa da Corporación.*

*Tanto o servizo web, a través da sede electrónica <http://sede.cabanas.es>, como o servizo de asistencia a municipios, con asesoría de balde e mais defensa xurídica de balde desenvolven as mesmas funcións que os gobernos da última década replicaron cun staff paralelo á administración municipal, pagado servizos mensualmente.*

*Vemos como esta argumentación, repetida desde 2015 nas sucesivas emendas aos orzamentos, venceu finalmente para 7000 euros das partidas 2.22.22799, programa 9202, e 2.22.22799, programa 9203, que fican eliminadas no presente orzamento. Pero tamén comprobamos como se crean novas partidas de asesoramento externo e gastos diversos na área de Turismo por 7.000 euros sen ningún tipo de explicación por parte do goberno local.*

*Deste xeito, presentamos as seguintes modificacións parciais ao ditame:*

- Diminuír en 15.000 € a partida 2.22.22799, programa 9200, ficando en 7.000 €
- Diminuír en 5.000 € a partida 2.22.22604, programa 9200, ficando en 10.000 €
- Diminuír en 6.000 € a partida 2.22.22699, programa 432, eliminando a partida





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

- Diminuír en 1.000 € a partida 2.22.22799, programa 432, eliminando a partida
- Destinar 4.500 € das baixas a "Estudo técnico de ampliación do Centro de Saúde de Cardeita" partida 2.22.22706 programa 312
- Destinar 4.500 € das baixas a "Estudo técnico de ampliación do CEIP "Eladía Mariño de Porto" partida 2.22.22706 programa 3210.
- Destinar 18.000 € das baixas á partida de infraestrutura viaria, programa 1532 pavimentación de vias municipais (investimentos reais)

### **EMENDA PARCIAL NÚM. 2 AO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E CONTAS SOBRE O PROXECTO DE ORZAMENTO DO CONCELLO DE CABANAS PARA O EXERCICIO DE 2021**

Xosé Manuel Pérez Sardiña como portavoz municipal da Marea de Cabanas, mediante o presente escrito, e ao abeiro dos dereitos que lle outorga o ROF, eleva ao Pleno da Corporación emenda número 2 ao ditame da Comisión de Facenda e Contas de 23 de decembro sobre o proxecto de Orzamento do Concello de Cabanas para o exercicio 2021:

#### **Reducir as partidas de atencións protocolarias, publicidade e propaganda**

##### **Motivación**

Nas emendas ao pasado orzamento de 2020 queixámonos de que desde 2007 os gobernos municipais encabezados polo Partido Popular incrementaron os gastos discreccionais en propaganda e atencións protocolarias. Para 2021 a proposta do goberno local mantén idénticas cantidades que anos anteriores de 1500 € en atencións protocolarias e 3000 € en propaganda.

Polo tanto, e en resposta ás demandas de veciños e veciñas de cara a atender a emerxencia climática en detrimento de gastos innecesarios e autopropaganda.

Deste xeito, presentamos as seguintes modificacións parciais ao ditame:

- Diminuír en 1.000 € a partida 2.22.22601, programa 9202, ficando en 500 €
- Diminuír en 2.000 € a partida 2.22.22602, programa 9202, ficando en 1.000 €
- Destinar as baixas que suman 3.000 € ao programa 1721 (investimentos reais) de protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

### **EMENDA PARCIAL NÚM. 3 AO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E CONTAS SOBRE O PROXECTO DE ORZAMENTO DO CONCELLO DE CABANAS PARA O EXERCICIO DE 2021**

Xosé Manuel Pérez Sardiña como portavoz municipal da Marea de Cabanas, mediante o presente escrito, e ao abeiro dos dereitos que lle outorga o ROF, eleva ao Pleno da Corporación emenda número 3 ao ditame da Comisión de Facenda e Contas de 23 de decembro sobre o proxecto de Orzamento do Concello de Cabanas para o exercicio 2021:

#### **Reducir a partida de Festa de Santa Marta**

##### **Motivación**



No debate do orzamento para 2020 presentamos unha emenda parcial co fin de evitar o incremento de case un 43% na partida de festexos. Para o vindeiro 2121 prevense 17.000 euros para a festa de Santa Marta cando están todas as incertezas derriba da mesa en canto aos resultados dos procesos de vacinación e a volta á vella normalidade.

Neste pasado exercicio, o tripartito PSOE-BNG-AEC tivo oportunidade de destinar estes fondos das festas á loita contra a Covid-19 e, deste xeito, evitar o peche do Punto de Atención á Infancia un mes ou reforzar a limpeza municipal. Demostraron unha vez máis a incapacidade para afrontar as necesidades básicas da cidadanía en conciliación e en protección fronte á pandemia. O incremento en 20.000 euros non se poderá aplicar ata febreiro, e para daquela xa chegará a 3ª onda cun servizo sen adaptar á nova normalidade.

- Diminuír en 17.000 € a función económica 22699, programa 3381 (Festa de Santa Marta), eliminando a partida
- Destinar 5.000 € á partida 227.00 de Traballos outras empresas limpeza e aseo, programa 920: reforzo dos servizos de limpeza.
- Destinar a baixa de 10.000 € á partida de protección e mellora do medioambiente, programa 1720 (investimentos reais): repoboación do piñeirál da Madalena e tratamento da procesionaria.
- Destinar 2.000 € á partida 227.00 de Traballos outras empresas limpeza e aseo, programa 221: reforzo dos servizos de limpeza do Punto de Atención á Infancia.

#### **EMENDA PARCIAL NÚM. 4 AO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E CONTAS SOBRE O PROXECTO DE ORZAMENTO DO CONCELLO DE CABANAS PARA O EXERCICIO 2021**

Xosé Manuel Pérez Sardiña como portavoz municipal da Marea de Cabanas, mediante o presente escrito, e ao abeiro dos dereitos que lle outorga o ROF, eleva ao Pleno da Corporación emenda número 4 ao ditame da Comisión de Facenda e Contas de 23 de decembro sobre o proxecto de Orzamento do Concello de Cabanas para o exercicio 2021:

#### **Emenda ás Bases de execución**

##### **Motivación**

Estudando as bases de execución e considerando a súa estrutura idéntica á de anos anteriores, presentamos as seguintes emendas encamiñadas a garantir que o Pleno recupere competencias no control do orzamento municipal e liberar recursos para programas de emprego local, acción social, rehabilitación e axudas a empresas e autónomos para afrontar a pandemia de Covid-19.

Tal e como constatamos para o orzamento de 2020, as actuacións da partida de Emerxencia Social requiren a elaboración dun plan integral de actuación na área para solucionar a pobreza enerxética ou mellorar a ordenanza de emerxencia social que atendería as necesidades das familias en situación de vulnerabilidade social, máxime cando apenas se gastou un terzo do total da partida en 2020 porque o tripartito fixo seguidismo da xestión anterior.

A nosa aposta para a presente lexislatura será implantar unha renda social básica para que ninguén quede atrás, non deixar dous terzos da partida de acción social sen executar.

Deste xeito, presentamos as seguintes modificacións parciais ao ditame:

- 1ª Que a vinculación sexa á partida orzamentaria (Base 6ª).
- 2ª Que o expediente de transferencia, agás para gastos de persoal, sexa competencia do Pleno da Corporación (Base 10ª).
- 3ª Que se supriman as asignacións por asistencia a reunión de Xunta de Delegados, asistencia a reunións de órganos externos e as dedicacións de tenencia de alcaldía e delegación de servizos (Base 37ª).
- 4ª Diminuírase a dedicación da alcaldía ata 20.000 euros (Base 37ª).

Logo da adopción destes acordos, modificaranse as partidas de soldos políticos:





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

- Diminuír en 30.000 € a función económica 10000, programa 9120. Destinar esta baixa a persoal laboral temporal de medio ambiente, no programa 13101 co fin de promover un plan de emprego local.
- Diminuír en 16.000 € a función económica 10000, programa 9120. Destinar esta baixa a conservación e rehabilitación de vivendas, no programa 1522.780.04 para axudas a rehabilitación en xeral e por causa de deterioración, inundacións e/ou temporais.
- Diminuír en 14.000 € a función económica 16000, programa 9120. Destinar esta baixa a emerxencia social 48480, programa 2310, dotada de 10.000,00 € e que pasaría a 24.000,00 € co fin de habilitar unha liña de axudas a familias con poucos recursos por situación da pandemia.
- Diminuír en 39.000 € a función económica 23300, programa 9121. Destinar esta baixa a axudas a empresas e autónomos para afrontar a pandemia de Covid-19.

### **EMENDA NÚM. 5 AO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA SOBRE O PROXECTO DE ORZAMENTO DO CONCELLO DE CABANAS PARA O EXERCICIO 2020**

Xosé Manuel Pérez Sardiña como portavoz municipal da Marea de Cabanas, mediante o presente escrito, e ao abeiro dos dereitos que lle outorga o ROF, eleva ao Pleno da Corporación emenda número 5 ao ditame da Comisión de Facenda e Contas de 23 de decembro sobre o proxecto de Orzamento do Concello de Cabanas para o exercicio 2021:

#### **Incluír o seguinte anexo de investimentos plurianuais**

##### **Motivación**

Tal e como viñemos facendo ao longo do ano a través de distintas propostas de actuación entendemos que o orzamento municipal debe recoller plans de servizos básicos que o Concello de Cabanas debe levar a cabo con carácter plurianual no apartado de investimentos reais no relativo a viais municipais, saneamento ou abastecemento. É por iso que estes servizos básicos deben atenderse e, deste xeito, propoñemos engadir o seguinte anexo de Investimentos plurianuais:

#### **1.- Plan Municipal de Saneamento**

- Saneamento a Soaserra (Cerdeiras, Os Sardiñas, Paz, Os Durás, Os Lamas, O Igrexario, Xabarís).
- Saneamento a Santa Cruz do Salto (O Alto, Os Ribas, O Cotiño, Os Bouces, O Feal, Os Martices e O Igrexario).
- Saneamento a Irís (A Caneta, Lugar de García, Os Currás, A Fonte, A Igrexa, Traseiras e Balvís).
- Saneamento ás Modias.
- Saneamento a Regoela.
- Saneamento ao Salto de Irís (Salto de Riba e Salto de Baixo).

#### **2.- Plan Municipal de Abastecemento:**

- Depósito con dous compartimentos para mancomunar con Fene e abastecemento ás parroquias de Irís (a partir de cota 230 m), Regoela, Santa Cruz e Soaserra.
- Abastecemento a Irís: Pedra do Couto, Formarís, A Caneta, Lugar de García, Os Currás, A Fonte, A Igrexa, Traseiras e Balvís.
- Abastecemento a Pena do Pico, Os Anidos, Val e O Lodeiro.

#### **3.- Plan Municipal de Camiños**

- Recollida de augas e aglomerado do Camiño dos Chaos (Laraxe) e do Camiño Vello (Travesía do Peón).



- Recollida de augas e aglomerado do Camiño de Xabaris
- Reparación do saneamento, recollida de augas e aglomerado do camiño das Viñas (rúa das Viñas).
- Reparación do saneamento, recollida de augas e acondicionamento da rúa de Abaixo desde a fonte da Perguiza.
- Recollida de augas, reposición e ampliación do camiño do cemiterio do Peteiro.
- Recollida de augas e zaborrado do Camiño do Covo (Pedreiras, Laraxe).

### **EMENDA PARCIAL NÚM. 6 AO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E CONTAS SOBRE O PROXECTO DE ORZAMENTO DO CONCELLO DE CABANAS PARA O EXERCICIO 2020**

Xosé Manuel Pérez Sardiña como portavoz municipal da Marea de Cabanas, mediante o presente escrito, e ao abeiro dos dereitos que lle outorga o ROF, eleva ao Pleno da Corporación emenda número 7 ao ditame da Comisión de Facenda e Contas de 23 de decembro sobre o proxecto de Orzamento do Concello de Cabanas para o exercicio 2021:

#### **Emenda á proposta de acordo**

##### **Motivación**

Tendo en conta a proposta que fixemos reiteradamente en exercicios anteriores e a tramitación reiterada dos orzamentos municipais en datas de nadal, pouco axeitadas para formar o expediente e co fin de facilitar a tramitación dun expediente transparente e participativo do orzamento municipal do Concello de Cabanas así como a publicación na web municipal do expediente orzamentario coma da totalidade da aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal, cumprindo a lexislación relativa a protección de datos de carácter persoal tal e como lle demandou no traslado de documentación a Xunta fai 3 anos.

Tendo en conta a lexislación vixente en canto a tramitación do orzamento municipal e a proposta que fixo no seu momento Participación Democrática Directa sobre a participación veciñal nos orzamentos e nos instrumentos urbanísticos.

Tendo en conta a lexislación vixente para modificación de ordenanzas fiscais municipais

Presentamos as seguinte engádega á proposta de acordo:

- Establecer o seguinte calendario para a tramitación do Orzamento municipal do Concello de Cabanas nas vindeiras anualidades:

1. Aprobación da alcaldía do proxecto de orzamento municipal antes do 31 de outubro: entrega do documento a grupos políticos e asociacións veciñais.
2. Apertura de prazo de 20 días hábiles para presentar emendas de grupos políticos e propostas de participación veciñal.
3. Informe do grupo de goberno sobre emendas de grupos políticos e propostas veciñais antes do 5 de decembro.
4. Debate e votación de emendas e propostas na Comisión de Facenda antes do 12 de decembro.
5. Debate e votación en Pleno do orzamento antes do 22 de decembro.

- Que se publique na web municipal de Transparencia o expediente completo do Orzamento Municipal para 2021 e as contestacións das alegacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado provisionalmente polo Pleno da Corporación o pasado 31 de outubro de 2018 ao abeiro do establecido no artigo 87 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

- Que se abra expediente para modificar as ordenanzas do ICIO, do IVTM, do IBI e da taxa de obras e construcións.

**Quenda de intervencións ( remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta).**

Sometida a votación a emenda número 1 é rexeitada por un ( 1 ) voto a favor do concelleiro do Grupo Mixto, tres ( 3 ) abstencións dos concelleiros do PP e seis ( 6 ) votos en contra dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto.







## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Sometida a votación a emenda número 2 é rexeitada por un ( 1 ) voto a favor do concelleiro do Grupo Mixto, tres ( 3 ) abstencións dos concelleiros do PP e seis ( 6 ) votos en contra dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto.

Sometida a votación a emenda número 3 é rexeitada por catro ( 4 ) votos a favor dos concelleiros do PP e do concelleiro do Grupo Mixto e seis ( 6 ) votos en contra dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto.

Sometida a votación a emenda número 4 é rexeitada por un ( 1 ) voto a favor do concelleiro do Grupo Mixto, tres ( 3 ) abstencións dos concelleiros do PP e seis ( 6 ) votos en contra dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto.

Sometida a votación a emenda número 5 é rexeitada por catro ( 4 ) votos a favor dos concelleiros do PP e do concelleiro do Grupo Mixto e seis ( 6 ) votos en contra dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto.

Sometida a votación a emenda número 6 é rexeitada por catro ( 4 ) votos a favor dos concelleiros do PP e do concelleiro do Grupo Mixto e seis ( 6 ) votos en contra dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto.

Sometido o asunto a votación é por seis ( 6 ) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto e catro ( 4 ) votos en contra dos concelleiros do PP e do concelleiro do Grupo Mixto adoptouse o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o orzamento desta Entidade para o ano 2021 que ascende á contía de 3.055.016,33 € en ingresos, e á contía de 3.055.016,33 € en gastos correspondendo a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

Capítulo	Denominación	Anualidade 2021
I	Impostos directos	1.025.156,00 €
II	Impostos indirectos	50.000,00 €
III	Taxas e outros ingresos	528.700,00 €
IV	Transferencias correntes	1.326.359,64 €
V	Ingresos patrimoniais	2.000,00 €
VI	Alleamento investimentos reais	-
VII	Transferencias capital	122.800,69 €
VIII	Activos financeiros	-
IX	Pasivos financeiros	0,00 €
<b>Total orzamento ingresos</b>		<b>3.055.016,33 €</b>

Capítulo	Denominación	Anualidade 2021
I	Gastos de persoal	1.084.756,00 €
II	Gastos correntes en bens e servizos	1.729.254,64 €



III	Gastos financeiros	500,00 €
IV	Transferencias correntes	117.705,00€
V	Fondo de continxencia e outros imprevistos	-
VI	Investimentos reais	122.800,69 €
VII	Transferencia de capital	-
VIII	Activos financeiros	-
IX	Pasivos financeiros	-
<b>Total orzamento gastos</b>		<b>3.055,016,33 €</b>

**SEGUNDO.-** Aprobación das Bases de execución do orzamento nos termos en que se redactaron.

**TERCEIRO.-** Aprobación do cadro de persoal dos postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

**CUARTO.-** Que se expoña ao público por prazo de 15 días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (R.D. Lex 2/2004 de 5 de marzo)

**QUINTO.-**Que, no suposto de non presentarse reclamacións, se considerará definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de edictos deste Concello, xuntamente co cadro de persoal, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/86 e 169.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e noutro caso procederase de acordo co previsto no 169.1 do mesmo.

**SEXTO.-** Que, de acordo co artigo 169.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais se remita copia do orzamento definitivamente aprobado a Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

E non habendo mais asuntos que tratar deuse por finalizada a sesión sendo as catorce horas e vinte e catro minutos estendéndose a presente acta da que eu, Secretaria, certifico.

Vº e Pº

